

## ESTACIÓN DE MONTAÑA MANZANEDA

### INFORMACIÓN XERAL

**DATOS XERAIS:** Campamento de montaña, con aloxamento en apartamentos Queixa (distribución en liteiras), conta con comedor cuberto, piscina, pavillón polideportivo, ximnasio, spa balneario, rocódromo, cancha de tenis, campo de fútbol.

**ACCESIBILIDADE:** A instalación está adaptada para persoas con problemas de mobilidade.

**ACCESOS:**

- Desde Ourense á Estación 90 Km. Existen medios de transporte público desde Ourense a Pobra de Trives, e de Trives á Estación en Taxi. (15 Km.). Por estrada: pódese chegar desde A Pobra de Trives (C-536), a 16 km da estación, ou desde a Vila de Manzaneda, a 10 Km. Desde os dous lugares accédese por estrada local de montaña.
- En tren: a estación de Ourense está a 86 km de Manzaneda e a da Rúa a 40 Km.

**ENDEREZO:**

- Estación de Montaña Manzaneda -32780 A Pobra de Trives – Ourense
- **Contacto:** Empresa OCA NOVA MANZANEDA
- Tel: 988 309 090 Fax: 988 310 875
- Enderezo electrónico: [manzaneda@manzaneda.com](mailto:manzaneda@manzaneda.com)

### QUENDAS, IDADES E ACTIVIDADES

QUENDA	DATA NACEMENTO	DESCRICIÓN ACTIVIDADES
02-09/08 09-16/08 16-23/08	2001/2002/2003 2001/2002/2003 2004/2005/2006	<b>DEPORTIVAS:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• Natación (piscina cuberta e climatizada).</li><li>• Tiro con arco</li><li>• Escalada (rocódromo)</li><li>• Ultimate</li><li>• Bicicleta de montaña, BTT</li><li>• Aula de natureza</li><li>• Béisbol</li><li>• Orientación fotográfica</li><li>• SOS.- Socorrismo en montaña</li><li>• Sendeirismo</li><li>• Karts</li><li>• Hípica</li></ul>

**Páxina web:** [www.manzaneda.com](http://www.manzaneda.com) -nesta web poderán atopar toda a información-

**Blog do campamento:** <http://manzaneda15.blogspot.com.es/> Contraseñal: manzaneda. Neste blog poderán atopar as fotos do campamento.

### NORMAS XERAIS

1. Os participantes estarán atendidos permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades propias deste campamento.
2. Cóntase con atención sanitaria. Os participantes deberán levar ao Campamento, as **tarxetas sanitarias orixinais**, especialmente as de MUFACE e o talonario de receitas. Calquera incidencia de consideración será comunicada ao teléfono familiar do/a acampado/a.
3. Poderase contactar telefonicamente cos participantes no seguinte horario: de 14.30 h a 15,30 h. Os participantes poderán facelo antes e despois de cada comida.
4. **Ningún participante** poderá abandona-lo recinto do Campamento sen autorización expresa do director da actividade, e sempre acompañado dos seus pais, ou persoa adulta autorizada (**Fotocopia do DNI dos pais e autorización escrita e fotocopia do DNI da persoa autorizada de ser o caso**), debendo cubri-lo impreso axeitado que lles será facilitado polos monitores. Prégase non facer visitas de non ser necesario, co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
5. Os medicamentos que estean a tomar os participantes, así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese a ter en conta nestes días, débese comunicar ao persoal técnico da actividade.
6. Recoméndase que os rapaces/as, leven a súa roupa marcada coas súas iniciais.
7. Os directores da actividade teñen prevista a organización dun “banco” de cartos e outro de móbiles.